

En Santiago de Compostela, a 21 de outubro do 2019

Estimada/o nai/pai:

“Escolas Católicas” rexistrou perante o Valedor do Pobo un escrito de queixa expoñendo o trato desigual que sofren os nenos/as dos Centros Concertados, con respecto a falta de recursos persoais e de dotacións de apoio educativo para o alumnado con necesidades específicas.

No escrito presentado enumerábanse algúns exemplos reais que acreditaban as carencias que padecen os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo: na Educación infantil e na Educación Primaria non existe dotación económica para Orientadores, profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), profesorado de Audición e Linguaxe (AL) e cuidadores.

Como resposta ao mesmo, o Valedor do Pobo afirmou que *“o carácter xenérico da queixa impide a súa tramitación”* facendo fincapé en que as familias afectadas non se dirixiron a esa institución. Así mesmo afirma ***“O máis oportuno é que se trasladen casos concretos por parte das persoas que poidan invocar un interese lexítimo que teña sido desatendido por parte da administración educativa”***.

Por todo elo, CONGAPA anima a todas as familias cun fillo/a con necesidades específicas de apoio educativo a invocar ante o Valedor do Pobo a desatención e discriminación deste alumnado, espertando o interese da Administración Educativa que deberá procurar unha solución que satisfaga a todas as partes.

Para elo é preciso cumprimentar a **FICHA ANEXA ANTES do 30 de NOVIEMBRE** e entregala ao Orientador do centro. Unha vez reunida toda a documentación, CONGAPA presentará o escrito de queixa no nome de todas as familias.

Moitas grazas